

ORDENANZA N° 9:

**ORDENANZA REGULADORA DO
IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE
TRACCIÓN MECÁNICA.**

**ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.****Artigo 1.º - Fundamento e natureza**

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica esixírase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 92 a 99 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), aplicándose sobre as ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º - Cota tributaria

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do TRLRFL, o coeficiente de incremento das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio queda fixado no 1,15, sendo as tarifas anuais as seguintes:

| | Euros |
|--|--------|
| A) Turismos | |
| De menos de 8 cabalos fiscais | 14,51 |
| De 8 ata 11,99 cabalos fiscais | 39,19 |
| De 12 ata 15,99 cabalos fiscais | 82,73 |
| De 16 ata 19,99 cabalos fiscais | 103,05 |
| De 20 cabalos fiscais en adiante | 128,80 |
| B) Autobuses | |
| De menos de 21 prazas | 95,79 |
| De 21 a 50 prazas | 136,43 |
| De máis de 50 prazas | 170,54 |
| C) Camións | |
| De menos de 1.000 quilogramos de carga útil | 48,62 |
| De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil | 95,79 |
| De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil | 136,43 |
| De máis de 9.999 quilogramos de carga útil | 170,54 |
| D) Tractores | |
| De menos de 16 cabalos fiscais | 20,32 |
| De 16 a 25 cabalos fiscais | 31,93 |
| De máis de 25 cabalos fiscais | 95,79 |



CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D

Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es

| | |
|---|-------|
| E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos tracción mecánica | |
| De menos de 1.000 quilogramos e máis de 750 quilogramos de carga útil | 20,32 |
| De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil | 31,93 |
| De máis de 2.999 quilogramos de carga útil | 95,79 |
| F) Outros Vehículos | |
| Ciclomotores: | |
| Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos: | 5,08 |
| Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos: | 8,70 |
| Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos: | 17,42 |
| Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos: | 34,83 |
| Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos: | 69,66 |

Artigo 3.º- Bonificacións

1.- Os suxeitos pasivos que teñan ó seu nome o vehículo no permiso de conducir poderán solicitar unha bonificación do 100% na cuota do imposto, cando o vehículo esté catalogado de histórico ou teña unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.- A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza reglada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a Deputación Provincial da Lugo acompañando a documentación acreditativa necesaria para determinalo sinalado no apartado anterior.

3.- O efecto da concesión da presente bonificación comenará a partir do exercicio seguinte ó da data da súa solicitude, non podendo ter carácter retroactivo.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior Ordenanza fiscal aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de 24 de outubro de 1991 modificada por acordo plenario de 12 de novembro de 1992.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2012, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.